

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 27 de febreiro de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 27 de febreiro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.36127.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 20 de febreiro de 2026.

2.36128.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026. (EXPTE.2025080411)

A Deputación de Pontevedra, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Desde a primeira convocatoria destas axudas, no ano 2020, o número de solicitudes foi en aumento, o que permitiu subvencionar numerosos proxectos de restauración do patrimonio marítimo-fluvial na provincia, en moitos dos casos bens en deficiente estado de conservación que, sen estas intervencións, acabarían por desaparecer.



Con estes antecedentes, a institución provincial promove para este ano 2026 unha nova convocatoria de subvencións, en concorrència competitiva, que conta con tres liñas de actuación diferenciadas: embarcacións tradicionais; aparellos de pesca; e construcións e instalacións en terra.

Con data 15 de decembro de 2025, o deputado delegado en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico ordena a elaboración dunha nova convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026, e solicítalle ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

Con data 16 de decembro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe do programa indicado, con CSV: KXLM8ALI9PFCZVCC, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 22 de decembro de 2025, a área de Secretaría emite informe, con CSV: QHRU0MMES07EVVE2, sobre as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Con data 19 de xaneiro de 2026, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: 0FTYP2LH96IKGT75 deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 26/332.3322.789.01 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12026000014041, por importe de 90.000,00 €.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (90.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026, que figuran co CSV: SD4ABBSCYYQM14ZZ e que se citan a continuación:

“BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e á posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Segunda. Financiamento e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convocaranse con cargo á aplicación 26/332.3322.789.01 do Orzamento da Deputación para 2026, por un importe total de noventa mil euros (90.000€).

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin superar o importe de dez mil euros (10.000 €).

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial, aínda que se aceptarán desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pormenorizado.

No caso de que os proxectos financiados non esgoten a partida orzamentaria, poderá superarse o límite de dez mil euros (10.000 €) por proxecto (sempre que non se supere o 80 % do orzamento), baixo criterios de proporcionalidade e respectando a concorrència competitiva, así como a valoración técnica do proxecto.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizáranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.



b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial de Galicia e que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.*
- Desenvolver a súa actividade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.*
- Ser titulares dos bens obxecto de rehabilitación ou mellora. Estes deberán ser de construción e tipoloxía tradicionais, feitos con elementos e procedementos tradicionais.*
- Empregar os bens en actividades de promoción sociocultural; non poderán destinarse á pesca nin á acuicultura.*
- Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS.*
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Quinta. Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables comprenderán os traballos de recuperación de todos aqueles bens de interese que integran o patrimonio marítimo e fluvial na provincia.

As entidades solicitantes deberán seleccionar unha das seguintes liñas de actuación:

Liña 1. Embarcacións tradicionais. Os gastos comprenderán os traballos de rehabilitación de embarcacións tradicionais (tratamento da embarcación, recuperación de determinadas partes deterioradas, reparacións, montaxe de electricidade ou traballos de carenado e pintado, entre outros) co fin de recuperar o seu carácter orixinal ou de conservar elementos estruturais que permitan a rehabilitación e o mantemento da embarcación. Así mesmo, poderá incluírse equipamento de investimento nas embarcacións ou a dotación imprescindible para a seguridade da navegación.

Non serán subvencionables os gastos funxibles que non estean vinculados directamente coa actividade de rehabilitación. Queda, polo tanto, excluída a compra de material funxible que se adquira de forma illada e non estea incluída nun proxecto de recuperación da embarcación.

Estas embarcacións deberán destinarse a actividades de promoción sociocultural ou musealización. As axudas son incompatibles co uso das embarcacións para a pesca ou a acuicultura, se ben poderán empregarse para a navegación tradicional en regatas, encontros ou actividades de formación. Serán subvencionables, neste sentido, as inspeccións técnicas ás que deban someterse as embarcacións tras o proceso de rehabilitación e que acrediten a súa navegabilidade.

Os traballos de rehabilitación deberán referirse a unha única embarcación por entidade, polo que non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias embarcacións.



Liña 2. Aparellos de pesca e demais elementos vinculados á cultura marítimo-fluvial. As obras de restauración e conservación subvencionadas ao abeiro desta convocatoria incluírán as distintas artes e aparellos de pesca e marisqueo tradicionais, ferramentas e maquinaria, instrumental de navegación, útiles de comunicación e sinalización, cordoería, artesanía e demais elementos vinculados á cultura marítima e fluvial; todos eles destinados a actividades de musealización ou difusión social e cultural.

Poderán subvencionarse os traballos de restauración e conservación de máis dun elemento incluído nesta liña, pero sempre que formen parte dun conxunto homoxéneo e así se xustifique na memoria explicativa.

Liña 3. Construcións e instalacións en terra. As intervencións realizadas sobre os distintos tipos de construcións e instalacións en terra (almacéns, fábricas, estaleiros, lonxas, casetas de pesca, embarcadoiros e pesqueiras, entre outras) ou mostras da arquitectura industrial e popular marítimo-fluvial na provincia, para ser reconvertidas en espazos culturais.

As intervencións deberán referirse a unha única construción ou instalación en terra. Non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias instalacións.

Todas as actuacións subvencionadas deberán desenvolverse ao longo de 2026 e empregarán solucións construtivas e de deseño tradicional e orixinal, ademais de materiais que lles sexan propios. As actuacións de restauración e conservación realizadas deberán redundar sempre nunha posta en valor dos correspondentes bens patrimoniais.

Consideraranse gastos subvencionables os proxectos técnicos directamente relacionados coas actuacións de rehabilitación que se leven a cabo.

Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención os investimentos xa subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou plans da institución provincial.

Sexta. Lugar e forma de presentación das solicitudes

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



Sétima. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das entidades solicitantes.*
- *DNI ou NIE das persoas representantes.*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- *Acreditación da persoa representante legal da entidade, no caso de que non se empregue o certificado electrónico de representación de persoa xurídica.*
- *Memoria explicativa, profusamente detallada, da actuación que se pretende desenvolver, asinada pola persoa representante, na que se incluírá o seguinte:*
 - *Tipo de ben para o que se solicita a subvención, coas súas características e coa súa antigüidade.*
 - *Descrición detallada dos traballos de rehabilitación ou mellora, dos elementos ou das partes que se pretenden reparar, do tipo de procedemento e dos materiais que se utilizarán, e dos equipamentos necesarios, no seu caso. O proxecto deberá adecuarse aos procedementos e materiais tradicionais.*
 - *Descrición detallada do destino do investimento para fins de carácter sociocultural ou musealización, así como experiencia e vinculación da entidade beneficiaria na organización e participación en actividades relacionadas co patrimonio marítimo-fluvial.*
 - *Anexo fotográfico ou, de non ser posible, bosquejo explicativo que reflicta o estado actual do ben e, en concreto, da parte ou dos elementos que se pretenden rehabilitar ou mellorar.*
- *Orzamento de gastos e ingresos detallado e totalizado (coas cantidades, cos prezos unitarios e co IVE) do investimento que se vai realizar, asinado pola persoa representante.*
- *Copia dos estatutos que rexen a entidade, que deberá conter, entre os seus obxectivos, a recuperación e o mantemento ou a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial da provincia.*



- *Composición actual da xunta directiva.*
- *Acreditación da titularidade do ben obxecto de rehabilitación ou mellora. A entidade deberá ser titular do ben ou da instalación obxecto de rehabilitación ou mellora, ben porque sexa propietaria, ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión sobre este de cinco (5) anos de duración desde o momento da presentación da solicitude.*
- *Certificado de titularidade bancaria que acredite que a conta que figura na solicitude está rexistrada a nome da asociación.*
- *Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias que poidan terse en conta na fase de valoración. Será responsabilidade da entidade beneficiaria obter as correspondentes licenzas, autorizacións ou permisos para executar os traballos obxecto da axuda, no seu caso.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente ante a Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.



Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos seguintes criterios de valoración:

- *Interese do ben obxecto de restauración desde o punto de vista histórico e cultural (de 0 a 40 puntos):*
 - *Antigüidade (de 0 a 10 puntos).*
 - *Singularidade ou rareza na súa tipoloxía, técnica ou materialidade (de 0 a 10 puntos).*
 - *Autenticidade (de 0 a 10 puntos). Primaranse aqueles bens que manteñan ou conserven en maior medida os seus elementos orixinais, sen alteracións que os desvirtúen.*
 - *Carácter identitario: ben representativo do patrimonio local e provincial (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o arraigamento ao territorio (sobre todo á provincia) e a especial vinculación do ben á historia marítimo-fluvial do lugar e á memoria colectiva das súas xentes.*
- *Proxecto de recuperación do ben (de 0 a 40 puntos):*
 - *Claridade e calidade do proxecto (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o desenvolvemento exhaustivo do proxecto, a descrición detallada dos tipos de accións necesarias para acadar os obxectivos fixados, a súa calidade no referente ás solucións achegadas e a súa viabilidade.*
 - *Adecuación da intervención aos valores patrimoniais do ben (de 0 a 10 puntos). Valoraranse as intervencións axustadas aos procedementos, aos materiais e ás técnicas tradicionais.*
 - *Maior intervención sobre os elementos estruturais do ben (de 0 a 10 puntos). Primaranse aquelas actuacións que se realicen sobre os elementos estruturais do ben fronte a actuacións ou labores de mantemento.*
 - *Estado de conservación do ben e grao de urxencia da intervención (de 0 a 10 puntos). Valoraranse aqueles bens que presenten danos ou unha deterioración importante e que requiran unha rápida intervención.*



- *Actividades de posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial. Interese e calidade das actividades ás que estea destinado o ben desde o punto de vista sociocultural (de 0 a 20 puntos):*
 - *Accións de difusión da cultura tradicional marítima galega, coma actividades museísticas, culturais ou exposicións (5 puntos).*
 - *Actividades didácticas ou educativas (3 puntos).*
 - *Actividades deportivas, encontros ou regatas (2 puntos).*
 - *Continuidade das actividades no tempo (de 0 a 5 puntos). Primaranse aquelas actividades que se prolonguen máis no tempo.*
 - *Traxectoria e experiencia demostrada da entidade solicitante na participación, recuperación e conservación do patrimonio marítimo-fluvial (de 0 a 5 puntos).*
- Unha vez analizada a proposta, a Comisión de Valoración outorgaralle unha puntuación, que deberá acadar un mínimo de 50 puntos en total para que a actividade poida subvencionarse.*

Décimo terceira. Instrución do procedemento e proposta de resolución

A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponderalle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo segunda, e no que se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración instituída para tal fin realizará un estudo do citado informe-proposta das solicitudes de subvención emitido pola xefa do servizo.

Unha vez valorado o devandito informe, a comisión poderá solicitar cantos informes adicionais estime necesarios para resolver e emitirá unha proposta motivada de concesión de subvencións que se someterá á aprobación do órgano competente.

Décimo cuarta. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

- *Presidente: o deputado do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- *Secretaria: a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- *Vogais: tres persoas do equipo técnico do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*

A Comisión de Valoración presentará a proposta de resolución, que será aprobada polo órgano competente e notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.



O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Unha vez notificada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido cunha exposición razoada dos motivos, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen e, en todo caso, no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión; así mesmo, será obxecto de resolución polo órgano competente, logo da proposta da Comisión de Valoración, na que se terán en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo do informe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sexta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web, e remitiralla á BDNS.

Décimo sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para eses efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. A persoa beneficiaria deberá comunicar, nese caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.



Décimo oitava. Xustificación

A entidade beneficiaria estará obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións establecidas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención e, no seu caso, a poñer á disposición da Deputación os libros e os rexistros contables necesarios para a adecuada xustificación e para o exercicio das facultades de comprobación ou control financeiro.

A persoa beneficiaria terá de prazo ata o 31 de marzo de 2027 para presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación xustificativa:

- *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos. Inclúirase un anexo fotográfico do ben rehabilitado.*
- *Conta xustificativa dos gastos (formulario do anexo I), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Poñeráse de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima do 20 % no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial.

- *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicáranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas, o IVE detallado e máis o custo total de cada unidade.*
- *Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación do investimento subvencionado nos termos establecidos na base décimo novena da convocatoria.*
- *Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.*

O pagamento da subvención efectuarase despois da comprobación e da elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos provinciais de que se cumpriu coa finalidade e co obxecto da subvención.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que comprobará de oficio a propia institución provincial.

Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as persoas beneficiarias terán que cumprir as seguintes obrigas:

- *Realizar a finalidade obxecto da subvención antes do 31 de decembro de 2026 e presentar en forma e en prazo a xustificación correspondente.*



- *Non transferir a propiedade do ben ou o dereito de uso ou cesión nun prazo de cinco (5) anos desde o momento da concesión, así como destinalo ao fin concreto para o que se outorga a subvención.*
- *As accións de promoción e os materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa específica desta axuda, “Subvencións para a recuperación do patrimonio marítimo-fluvial”, accesible en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Esta obriga poderá acreditarse mediante accións de comunicación ou publicidade (notas de prensa, páxinas web, carteis e placas, entre outras).*
- *Pagarlles ás súas acreedoras e acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, en cuxo caso deberán facelo no prazo máximo dun (1) mes desde a data de cobro.*
- *Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente poderán usar o pagamento en metálico cos límites establecidos legalmente. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900 €) implicará que este se considere non subvencionable.*
- *Se, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas superase o custo total da actividade subvencionada, deberá comunicalo, en cuxo caso o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.*
- *Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa institución provincial.*

Vixésima. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención previamente concedida.*
- *No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención previamente concedida.*

O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

Vixésimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo oitava sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.



A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do procedemento de perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- *Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Así mesmo, o incumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, despois do oportuno expediente, á perda do dereito ao cobro, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na LPACAP; na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na LXS; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio de 2026; e na demais lexislación aplicable.”



3.36129.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME RESIDENCIAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2026-2027. (EXPTE. 2026001853)

No ano 1976 inaugurouse a Cidade Infantil Príncipe Felipe, da cal é titular a Deputación de Pontevedra, o centro está situado na parroquia de Mourente, avenida de Montecelo nº 16, do Concello de Pontevedra.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

As peculiaridades derivadas da propia historia, pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente, explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de centro con fogares.

Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (*DOG 18/12/2008*), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Atención Residencial.

Este servizo de acollemento residencial ten como finalidade atender a aquelas persoas menores procedentes de familias con problemáticas de risco psicosocial que, inicialmente abordadas polos servizos sociais comunitarios dos concellos, exceden as posibilidades de intervención destes e non acadan os requisitos necesarios para que se produza unha asunción de responsabilidade por parte da administración autonómica.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime residencial para o curso 2026/2027.

Vista a proposta de inicio do expediente, da tramitación administrativa das “Bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Centro Príncipe Felipe para o curso 2026 -2027”, asinada polo Deputado Delegado de área, e a coordinadora xeral do CPF, con data 11 de febreiro de 2026 (CSV: H3ZZJ598GAN66KHP).

Visto o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11/02/2026 (CSV: O8CEPE95MZCCMTZF) no cal se indica que O custe estimado para a prestación deste programa de atención residencial, de carácter básico, para 23 prazas establécese a razón 14,65 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027, ascendería a cantidade aproximada de 74.129,00 €.



Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto durante o exercicio 2026 estimado en 29.651,60 € que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.221.05- Produtos alimenticios. O gasto para o exercicio de 2027 estímase en 44.477,40 € e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 12/02/2026 (CSV: LJIPY59V8RQBIK9S) o Sr. Secretario Xeral contesta a petición de solicitude do centro xestor sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.

Visto o informe emitido pola Intervención, de data de 12/02/2026 (CSV: II1WHVYL2QJKC6RE), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2027 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e 61 do Real Decreto 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime residencial no Príncipe Felipe para o curso 2026/2027 co CSV: HKMHKFD08J2M1M7Q que obran no expediente

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe estimado de 29.651,60 € para o exercicio 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2027, por importe estimado de 44.477,40 € quedarán condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de admisión de menores no réxime residencial de Príncipe Felipe para o curso 2026/2027, concedendo un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



4.36130.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN EN RÉXIME DE ATENCIÓN DE DÍA NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE PARA O CURSO 2026-2027. (EXPT. 2026001822)

No ano 1976 inaugurouse a Cidade Infantil Príncipe Felipe, da cal é titular a Deputación de Pontevedra, o centro está situado na parroquia de Mourente, avenida de Montecelo nº 16, do Concello de Pontevedra.

O CPF conformase como unha institución de carácter educativo e social e ten como obxectivo mellorar o benestar social e favorecer a integración das persoas menores en risco de exclusión social así como prestar servizos sociais a través dos seus diversos centros residenciais, educativos e sociais.

As peculiaridades derivadas da propia historia, pasando desde antiga catalogación de macrocentro institucional a unha adaptación estrutural máis acorde coa situación actual e a normativa vixente, explican que no seu seo prevalezan espazos-centros diferenciados, pero coas características comúns, no que á función de acollemento se refire, de ser considerada globalmente como entidade que alberga a modalidade ou tipoloxía de centro con fogares.

Resultando que, por acordo do Pleno da Corporación da Institución Provincial, na sesión que tivo lugar o día 27 de xuño de 2003, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (*DOG 18/12/2008*), e mais no Decreto 329/2005, creouse no Centro Príncipe Felipe un recurso de atención en réxime de Centro de Día.

O dito Centro de Día presta un servizo de acollemento residencial diúrno a través do cal se procura preservar e potenciar a integración familiar natural como primeiro e principal recurso de protección, ademais de garantir a atención diaria e atender as necesidades básicas e integrais dos menores da provincia de Pontevedra.

O carácter do recurso é anual, polo que, a Deputación de Pontevedra publica, por cada curso escolar, a correspondente convocatoria, para o cal o Centro Príncipe Felipe elaborou as bases reguladoras do procedemento de admisión de menores en réxime de centro de día para o curso 2026/2027.

Vista a proposta de inicio do expediente da tramitación administrativa das bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Centro Príncipe Felipe para o curso 2026-2027, asinada polo Deputado Delegado de área, e a coordinadora xeral do CPF, con data 11 de febreiro de 2026 (CSV: EQANR7OBAODAQKVX).

Visto o informe xurídico do centro xestor Príncipe Felipe, de data 11 de febreiro de 2026 (CSV: HCA4VC6Y3V5LIQM1) no cal se indica que o custe estimado para a prestación deste programa de atención de día, para 82 prazas establécese a razón 8,15 €/día/menor para 22 días por mes, polo que o gasto anual do próximo curso escolar, contabilizado dende o día 1 de setembro de 2026 ata o 30 de xuño de 2027, ascendería a cantidade aproximada de 147.026,00 €.



Para os efectos orzamentarios a aprobación destas bases e posterior admisión de alumnos implicaría un gasto durante o exercicio 2026 estimado en 58.810,40 € que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.221.05- Produtos alimenticios. O gasto para o exercicio de 2027 estímase en 88.215,60 € e quedará condicionado a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial para a dita anualidade.

Resultando que, con data 12 de febreiro de 2026 (CSV: K30W1CC8AY7BUCJJ) o Sr. Secretario Xeral contesta á petición de solicitude do centro xestor, sinalando a non receptividade do mesmo e devolvendo o expediente tal co fin de continuarse coa tramitación do mesmo.

Visto o informe emitido pola Intervención, de data de 11 de febreiro de 2026 (CSV: VIKVB9ATW7IVVXL8), o cal conclúe favorable o expediente de aprobación das bases recollendo que na aplicación orzamentaria a que se imputarán os gastos existe crédito suficiente para afrontar o mesmo. No dito informe sinala igualmente que o gasto imputable ó exercicio 2027 deberá quedar condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Considerando o disposto nos artigos 34-1 f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e 61 do Real Decreto 2568/86, de 18 de novembro, así como as bases de execución do orzamento, concretamente na Base 16.2 onde figura que lle compete á Xunta de Goberno a autorización e compromisos dos gastos que recollen as presentes bases,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras do procedemento de admisión en réxime de centro de día no Príncipe Felipe, para o curso 2026/2027 co CSV: HD2X81NKY469NGJJ, que obran no expediente

Segundo.- Autorizar o gasto polo importe estimado de 58.810,40 € para o exercicio 2026, con cargo á aplicación orzamentaria 26/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas para a anualidade 2027, por importe estimado de 88.215,60 €, quedarán condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento provincial.

Terceiro.- Iniciar o procedemento de admisión de menores no Centro de día de Príncipe Felipe para o curso 2026/2027, concedendo un prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte hábil a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



5.36131.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIÓN DE CAZADORES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACIÓN DURANTE O EXERCICIO 2026 (EXPTE.2026006015)

A actividade cinexética en Galicia, e polo tanto na provincia de Pontevedra, é un pilar fundamental na xestión do territorio rural, sendo os colectivos de persoas cazadoras os que desenvolven un papel activo na xestión deste territorio, con impactos positivos tales como a preservación da biodiversidade, entre outros, desde unha perspectiva medioambiental, pero sen deixar de lado o ámbito socioeconómico, cuxo impacto se traduciría na dinamización, sobre todo, do interior de provincia de Pontevedra.

A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar a este tipo de entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, véxase o fomento do desenvolvemento local e a sostibilidade ambiental.

Cinguíndose ao recollido na lexislación estatal, Lei 1/1970, do 4 de abril, de caza, e a normativa galega, Lei 13/2013, do 23 de novembro, de caza de Galicia, as competencias nesta materia non recaen en ningún caso nas deputacións, así a todo, a través destas axudas, a administración provincial ten a oportunidade de apoiar o funcionamento destas entidades, garantindo un desenvolvemento equilibrado e sostible da provincia, unha harmonización da cohesión territorial, a preservación do medio ambiente, a loita contra o despoboamento ou a defensa do sector agrogandeiro da provincia.

Así mesmo, segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local (LRBRL), sinala como competencia propia das deputacións “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”, e no artigo 14.4 “a administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións”, constituíndo así un fundamento xurídico para actuar nesta materia.

Tendo en conta os informes favorables sobre as “Bases para a concesión de subvencións a sociedades de caza e asociacións de cazadores da provincia de Pontevedra durante o exercicio 2026” da xefa do Servizo de Medio Ambiente, do 19.02.2026, da Secretaría do 16.02.2026 e da Intervención do 23.02.2026, nunha contía total de cento vinte mil euros (120.000,00) €, con cargo a aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01 do vixente Orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo o establecido nas base 16.2 c) das Bases de execución do Orzamento provincial, nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as “Bases para a concesión de subvencións a sociedades de caza e asociacións de cazadores da provincia de Pontevedra durante o exercicio 2026”, por concorrencia competitiva, que din o seguinte:

“BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIONES DE PERSONAS CAZADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACIONES DURANTE O EJERCICIO DE 2026

O aproveitamento cinexético é unha actividade moi arraigada en Galicia, pois comprende máis do 80 % do territorio da comunidade, polo que a actividade cinexética, desenvolvida conforme a criterios de sostibilidade e no marco da normativa vixente, constitúe unha ferramenta de apoio á xestión do medio natural, que contribúe ao equilibrio das poboacións de fauna e á conservación dos hábitats, integrada co resto de actividades que se desenvolven no medio rural, circunstancias especialmente relevantes no ámbito rural da provincia de Pontevedra.

Por iso, resulta imprescindible involucrar os colectivos de persoas cazadoras, xa que desenvolven un papel activo na xestión do territorio provincial ao realizar actuacións de mellora de hábitats, seguimento e control de poboacións de fauna silvestre ou vixilancia ambiental, entre outras.

Con todo, moitas destas actuacións supoñen custos significativos para as entidades que as desenvolven, polo que resulta necesario articular medidas de apoio económico que permitan reforzar e garantir a continuidade de actuacións de salvagarda e mellora do medio natural.

Desde o punto de vista competencial, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso e entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de axudas a sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras da provincia de Pontevedra para financiar accións de promoción e fomento do aproveitamento cinexético sostible durante o ano 2026.

Estas subvencións rexeranse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións a sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras da provincia de Pontevedra que outorgue a Deputación, segundo os principios de obxectividade e concorrencia competitiva.



Segunda. Financiamento

Estas axudas contan cun crédito total de cento vinte mil euros (120.000 €) e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01.

A porcentaxe máxima subvencionable será do 80 % do orzamento, sen prexuízo de que estas axudas sexan compatibles con outras recibidas doutros organismos, sempre que a súa concorrencia non supere o custo total da acción.

Limitacións:

- *Importe do orzamento subvencionable de gastos: máximo de tres mil setecentos cincuenta euros (3.750 €).*
- *Importe da subvención: máximo de tres mil euros (3.000 €).*

Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras, sempre que estean legalmente constituídas e teñan o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

As entidades beneficiarias non deberán estar incursoas en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da LXS, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Actuacións subvencionables

Son actuacións susceptibles de axuda aquelas destinadas ao apoio ás sociedades de caza e asociacións de persoas cazadoras para desenvolver actuacións que fomenten a recuperación e a conservación dos recursos naturais e cinexéticos que teñan por obxecto:

- *Accións destinadas a mellorar o hábitat, coma rozas, sementeiras e podas.*
- *Accións destinadas a mellorar a adaptación ao hábitat das especies, coma a realización de biótopos.*
- *Compra de material non inventariable, coma sementes e praguicidas legalmente autorizados.*
- *Compra de material de seguridade, coma chalecos de seguridade, gorras etc., sempre que non sexa material inventariable.*
- *Accións destinadas ao mantemento do Terreo Cinexeticamente Ordenado (en diante, TECOR), tales como seguros e gardería.*

Quinta. Actuacións non subvencionables

Non será obxecto de subvención nesta convocatoria o seguinte:

- 1. Gastos en investimentos.*
- 2. Gastos de funcionamento das entidades (contratación de persoal, viaxes, comidas etc.).*
- 3. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade, conforme ao artigo 31.8 da LXS.*
- 4. Os gastos referidos a accións que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.*



Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para tramitar este procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF das persoas xurídicas solicitantes.*
- *NIF da persoa representante legal da entidade.*
- *Domicilio fiscal das entidades solicitantes.*

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e entregar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- a) Copia dos estatutos da entidade.*
- b) Memoria explicativa da finalidade da subvención, na que se especifiquen:*
 - *As características técnicas das actuacións que se levarán a cabo.*
 - *O calendario de realización das actuacións durante o ano 2026.*
- c) Certificación da secretaría da entidade na que consten o número de socias e socios desta, a porcentaxe de socias e socios federados da entidade, a superficie do TECOR e a cesión do TECOR para a realización de competicións oficiais (especificaranse o tipo e as características da competición).*
- d) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.



Se algún dos documentos que se deban presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa entregados anteriormente. Para este efecto, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presenten.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada que o presente ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos xenéricos que poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian usar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente en <https://debu.redsara.es>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Criterios para a valoración das solicitudes

- Número de socias e socios da entidade: ata 25 puntos

- De 0 a 100 _____ 10 puntos
- De 101 a 200 _____ 15 puntos
- De 201 a 300 _____ 20 puntos
- Máis de 300 _____ 25 puntos

- Porcentaxe de socias e socios federados da entidade: ata 25 puntos

- De 0 a 25 % _____ 10 puntos
- De 26 a 50 % _____ 15 puntos
- De 51 a 75 % _____ 20 puntos
- De 76 a 100 % _____ 25 puntos

- Superficie do TECOR: ata 30 puntos

- Ata 2.000 ha _____ 5 puntos
- De 2.001 a 4.000 ha _____ 10 puntos
- De 4.001 a 6.000 ha _____ 15 puntos
- De 6.001 a 8.000 ha _____ 20 puntos
- De 8.001 a 10.000 ha _____ 25 puntos
- Máis de 10.000 ha _____ 30 puntos

- Cesión do TECOR para competicións oficiais durante os últimos catro anos: ata 20 puntos

- Competición provincial _____ 10 puntos
- Competición autonómica _____ 15 puntos
- Competición nacional _____ 20 puntos

Décimo terceira. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos. Esta instrución comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a. *Informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes de acordo cos criterios da base décimo segunda e se explique o sistema seguido.*
- b. *Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta, de conformidade co previsto nos artigos 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e 24 da LXS.*



Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta da xefa de servizo das solicitudes de subvención. Este órgano colexiado estará composto por:

- *Presidente: o deputado delegado da área de Medio Ambiente.*
- *Vogais: dúas persoas integrantes do equipo técnico do Servizo de Medio Ambiente e unha do equipo técnico do Servizo de Intervención.*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Medio Ambiente, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- 1. Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- 2. Emitir un informe respecto das solicitudes de subvención.*

Finalmente, a proposta de resolución elevarase á Xunta de Goberno para a súa aprobación definitiva, segundo o disposto nas Bases de execución do Orzamento provincial e na lexislación vixente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas segundo o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada a solicitude de subvención por silencio administrativo.

Décimo cuarta. Modificación da resolución

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a modificación da resolución de concesión sempre que non se varíe a finalidade establecida para as axudas, non se alteren as puntuacións e contías concedidas ás demais entidades nin se danen os seus dereitos, e axustaranse ao establecido nos artigos 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

A solicitude de modificación deberá estar suficientemente xustificada e, en todo caso, presentarse antes do 15 de novembro de 2026.

Décimo quinta. Xustificación e pago das subvencións

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizado o gasto ou a actividade, sempre antes do 31 de decembro de 2026, as entidades beneficiarias deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2027.

Unha vez aprobadas as axudas, logo dos informes de Intervención, estas aboaráselles ás entidades solicitantes, tras a xustificación das accións realizadas, que deberán desenvolverse tendo en conta o establecido nos artigos 30 da LXS e 24 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, relativo á xustificación das subvencións públicas.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificando co límite da subvención concedida.

Para pagar a subvención, terase en conta o seguinte:

- a) De xustificarse o 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- b) De xustificarse un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.



Para cobrar a subvención, as entidades receptoras deberán presentar obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do modelo “instancia xenerica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria, na que se determinará o custo do gasto total da finalidade subvencionada, se detallarán as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, e se indicará que os gastos especificados nela se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda.*
- b) Xustificación, con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da subvención concedida, na que se indiquen o número de unidades, os seus prezos unitarios e o custo total de cada unidade.*
- c) Acreditación da debida divulgación por parte da entidade do financiamento da actividade ou do investimento subvencionado pola Deputación a través de anuncios en prensa, da páxina web, das redes sociais ou similares.*
- d) Memoria xustificativa na que se detallen as actuacións realizadas.*
- e) Xustificación dos ingresos ou do financiamento obtido para a mesma finalidade.*
- f) Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobramento, total ou parcial, da subvención nos supostos de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, falta de achega da documentación requirida e demais causas previstas no artigo 37 da LXS.

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias destas axudas comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e a consecución da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.*
- Cumprir coas medidas de publicidade e difusión previstas nestas bases.*
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo, non só económicos, coa institución provincial.*
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar a información que se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas bases reguladoras das subvencións, co fin de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*



- *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
- *Cumprir coas demais obrigas previstas nestas bases ou calquera outra recollida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*

Décimo sétima. Control e seguimento das subvencións

Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ás empresas proveedoras preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención e, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.

As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar formas de pagamento que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade ou a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable.

Os investimentos subvencionados deberán manterse durante un período mínimo de catro (4) anos. Isto poderá ser obxecto de comprobación polo centro xestor, así como polo servizo de control financeiro da Intervención provincial. O incumprimento deste requisito será causa de perda do dereito ao cobramento ou reintegro na parte correspondente ao importe subvencionado do investimento afectado.

O persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente do organismo provincial velará porque se cumpran as condicións esixidas para a concesión das subvencións e se realicen correctamente as actuacións previstas. Para iso, no caso de investimentos, efectuaranse as inspeccións e comprobacións oportunas e reflectiranse no resultado do correspondente informe. Tamén se solicitará a información que se considere necesaria sobre as entidades beneficiarias das axudas.

Décimo oitava. Control financeiro

De acordo co establecido no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, a entidade beneficiaria estará suxeita ao control financeiro que se puidese exercer, no prazo de catro (4) anos, contados desde o pagamento da subvención. O control financeiro terá por obxecto verificar a correcta obtención da subvención e o cumprimento das obrigas que lle corresponden á entidade beneficiaria, incluída a obriga de manter os investimentos por un período mínimo de catro (4) anos.

No control financeiro solicitarase que se achegue a relación de gastos e ingresos totais da actividade subvencionada, que deberá incluír os distintos conceptos do orzamento presentado coa solicitude e o resto de gastos que a entidade lle impute á actividade subvencionada, así como os rexistros contables correspondentes.

No caso de que o resultado do exercicio fose positivo, deberá reintegrar o importe resultante conforme á lexislación vixente, na que se dispón que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, por si soa ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Décimo novena. Incumprimentos e responsabilidades

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo quinta sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Medio Ambiente requiriralle que a entregue no prazo improrrogable de quince (15) días.



O feito de non presentar a documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobramento e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases, rexerá o artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións, a LXS e a demais normativa de aplicación.

Vixésimo primeira. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, de acordo coas normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.”

6.36132.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2026 (EXPTE. 2026001820)

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, coa presente liña de subvencións, activa desde hai máis de trinta anos, subvenciona unha media de duascenas actividades culturais que organizan entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra co fin de contribuír á promoción, protección e difusión do patrimonio cultural, así como á dinamización cultural da provincia para apoiar o desenvolvemento da oferta cultural das zonas menos poboadas e promover e difundir así as nosas tradicións e as distintas manifestacións culturais.



Nesta convocatoria, ao igual que nos anos 2024 e 2025, a Deputación de Pontevedra promove, ademais, unha liña específica destinada á participación en festivais, certames e intercambios de carácter nacional e internacional, fóra da comunidade autónoma de Galicia, como elemento de fortalecemento do territorio, da conexión sectorial e da difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, para contribuír deste xeito á difusión, ao mantemento e á recuperación da nosa cultura e das nosas tradicións tanto no ámbito provincial como máis alá das nosas fronteiras.

Segundo.- Esta convocatoria define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Terceiro.- As axudas estarán destinadas a entidades xurídicas sen fins de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e que desenvolvan as súas actividades entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou a participación en festivais certames e intercambios de carácter nacional e internacional, sempre que sexa fóra da comunidade autónoma de Galicia, cando teñan relevancia para os intereses provinciais.

Cuarto.- Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), en dúas liñas de actuación:

- Liña 1 290.000,00 €
- Liña 2 60.000,00 €

As actividades subvencionables, en cada unha das liñas, son:

Liña 1:

- As actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos)
- Os festivais, as mostras, os encontros e os certames culturais
- Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada
- Festivais ou actividades de relevancia para os intereses provinciais de promoción da nosa cultura e as nosas tradicións fóra da comunidade autónoma de Galicia, que teñan unha antigüidade de polo menos dúas edicións consecutivas anteriores á data de publicación desta convocatoria.

Liña 2:

- Participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais
- Intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural, fóra da Comunidade autónoma de Galicia



Quinto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrncia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira da proposta de bases reguladoras.

Sexto.- Vistos o informe favorable de Intervención de data 20 de febreiro de 2026 e que figura con CSV: OJ94NXQNL4WJMG19.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

No ámbito local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2026, que figuran co CSV: A9KKSYS5KQGE9P4NX e que son do seguinte teor:

“BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2026

A cultura e mais os recursos e riquezas que esta xera actúan como un factor de desenvolvemento e sustentabilidade territorial. A diversificación, a consolidación e a mellora da oferta non só resultan fundamentais para avanzar na cohesión social, xa que permiten o acceso de toda a cidadanía á cultura, senón que son un factor clave para o desenvolvemento económico ao longo do territorio.

Garantir o acceso á cultura nos termos fixados pola Comisión Europea na súa Axenda Europea para a Cultura (2018) é un medio ideal para favorecer a cohesión social. O elemento inmaterial de favorecer a proliferación de ideas e proxectos culturais vai na liña de ampliar as capacidades, permitindo a aparición e o mantemento de actividades culturais de calidade e promovendo oportunidades de participación e creación para toda a cidadanía, independentemente do seu lugar de residencia. Trátase, en suma, de facilitar o acceso á cultura como motor de crecemento.

Así, a cultura é unha forza transformadora para rexenerar a comunidade, núcleo da riqueza patrimonial do territorio e da súa historia, e que desempeña un papel fundamental á hora de aumentar o atractivo dos lugares e de reforzar a identidade única dunha localización específica. Tanto a cultura coma a creatividade poden ser factores clave para impulsar e posibilitar a innovación, ademais dunha fonte de capacidade empresarial importante.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, subvenciona a través desta liña de axudas, activa desde hai máis de trinta anos, unha media de duascenas actividades culturais que organizan entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, co fin de contribuír á promoción e protección deste patrimonio, así como á dinamización cultural da provincia para apoiar o desenvolvemento da oferta cultural das zonas menos poboadas, e promover e difundir así as nosas tradicións e as distintas manifestacións culturais.

Ademais, ao igual que nos anos 2024 e 2025, a través desta convocatoria a Deputación de Pontevedra promove unha liña específica destinada á participación en festivais, certames e intercambios de carácter nacional e internacional, fóra da comunidade autónoma de Galicia, como elemento de fortalecemento do territorio, da conexión sectorial e da difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia para contribuír deste xeito á difusión, ao mantemento e á recuperación da nosa cultura e das nosas tradicións tanto no ámbito provincial coma máis alá das nosas fronteiras.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito.

No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.



Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión, seguimento e xustificación de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais que teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

Segunda. Finalidade

A finalidade destas axudas é reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural e incrementar a actividade cultural no noso territorio, entendida como un motor de cambio, dinamización e transformación social.

A través desta liña de subvencións preténdese activar procesos culturais na provincia de Pontevedra, e excepcionalmente fóra da comunidade autónoma de Galicia cando teñan relevancia para os intereses provinciais, que afonden nos vínculos individuais e sociais co territorio e ofrezan novas oportunidades laborais, de emprego estable e de calidade no eido cultural nas contornas rurais. As accións elixibles que se financiarán a través desta liña de axudas deben responder a un ou varios dos obxectivos seguintes:

- a) Impulsar a actividade, a creación, as prácticas e os procesos culturais contemporáneos en estreita vinculación coas comunidades e os seus contextos sociais, territoriais e culturais da provincia de Pontevedra.*
- b) Promover a dinamización, modernización e innovación dos sectores e axentes culturais e creativos favorecendo a xeración de emprego, a profesionalización e a creación de redes profesionais locais, ademais de axudar á consecución da igualdade de xénero nestes sectores.*
- c) Promover a inclusión e a estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural como instrumento de participación democrática, benestar, saúde e cohesión social e territorial, con especial atención á incorporación de estratexias de igualdade de xénero.*
- d) Favorecer a diversidade cultural, así como o diálogo e o intercambio entre rural e urbano.*
- e) Impulsar a contribución da cultura aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, en particular a aqueles vinculados coa sostibilidade ambiental.*
- f) Promover a realización de actividades culturais que aseguren a accesibilidade cultural, o fomento da igualdade, a inclusión social ou a sostibilidade ambiental.*
- g) Promover a nosa cultura e as nosas tradicións fóra da comunidade autónoma de Galicia, como elemento de fortalecemento do territorio, a conexión sectorial e a difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra.*



Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.*

Estas axudas son compatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, doutras entidades para o mesmo proxecto ou finalidade.

En todo caso, a entidade deberá comunicar a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas unha vez teñan coñecemento da súa existencia e, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos, o que poderá orixinar as correspondentes minoracións no importe da axuda concedida. Así mesmo, no momento da xustificación deberá comunicar, no seu caso, a asignación de fondos propios ao desenvolvemento da actuación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Cuarta. Dotación económica e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2026 por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €), en dúas liñas de actuación:

- Liña 1..... 290.000,00 €*
- Liña 2..... 60.000,00 €*

O importe máximo da subvención que se conceda, en cada caso, non poderá exceder do 75 % do seu orzamento e o límite máximo por persoa beneficiaria será de dous mil cincocentos (2.500,00) euros.

Se, tras repartir as cantidades en función do número e do importe das subvencións solicitadas, existise un aforro nunha das liñas subvencionadas, este poderase trasladar á outra liña de subvención, e veranse incrementados os proxectos subvencionables.

Quinta. Entidades destinatarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades culturais que reúnan os seguintes requisitos:

- *Carecer de fins de lucro.*
- *Ter o domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas.*
- *Non estar incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Non poderán beneficiarse destas subvencións as ANPA, as comisións de festas, os clubs deportivos nin as asociacións que teñan pendentes de xustificar subvencións para actividades culturais concedidas no exercicio anterior.

Só se poderá conceder unha subvención por entidade, en cada unha das liñas, no ámbito desta convocatoria.



Sexta. Actividades subvencionables

Serán subvencionables as actividades que realicen as entidades previstas na base precedente, encadradas nalgunha das liñas establecidas nesta convocatoria, que respondan ás finalidades recollidas na base segunda e que se desenvolvan no período que comprende desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra e, excepcionalmente, fóra da comunidade autónoma de Galicia cando teñan relevancia para os intereses provinciais.

Para os efectos destas bases, descríbense a continuación as actividades elixíbles:

Liña 1:

- *As actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos).*
- *Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada.*
- *Os festivais, as mostras, os encontros e os certames culturais.*
- *Festivais ou actividades de relevancia para os intereses provinciais de promoción da nosa cultura e as nosas tradicións fóra da comunidade autónoma de Galicia, que teñan unha antigüidade de polo menos dúas edicións consecutivas anteriores á data de publicación desta convocatoria.*

Liña 2:

- *Participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais.*
- *Intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural fóra da comunidade autónoma de Galicia.*

Quedan excluídos desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, os seguintes conceptos:

- *As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación.*
- *Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos bancarios, os gastos de persoal da propia entidade e as actividades xerais que se realizan ao longo de todo o ano.*
- *As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.*
- *Os gastos gastronómicos, agás naqueles casos de intercambios culturais fóra da comunidade autónoma.*
- *As actividades que utilicen no seu desenvolvemento linguaxe sexista ou que empreguen a imaxe da muller como reclamo.*
- *As actividades educativas, formativas e obradoiros.*
- *As actividades de carácter deportivo.*
- *As actividades que ocasionen ou xustifiquen o maltrato de persoas ou animais.*
- *As adquisicións de bens ou os gastos que teñen a consideración de investimentos.*

Sétima. Lugar de presentación

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).



Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO e na BDNS.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a. NIF da entidade.*
- b. DNI ou NIE da persoa representante legal da entidade.*
- c. Domicilio fiscal da entidade interesada.*

En caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Documentación

Cada entidade solicitante poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria por cada unha das liñas, na que se indicará a actividade concreta que se vai realizar.

As entidades deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Memoria explicativa dunha actividade cultural concreta, asinada pola persoa representante. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realicen ao longo de todo o ano, senón unicamente unha actividade concreta, da que se terá que indicar o lugar e a data da súa realización.*
- Para aquelas solicitudes da liña 2, ademais, o xustificante de inscrición ou a carta de invitación para participar no festival, certame ou concurso.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaránse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> e <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada, e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráse que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>

Décimo terceira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva. Para a súa adxudicación teranse en conta os seguintes criterios:

- 1) *Ámbito xeográfico da actividade: local, provincial, autonómico, nacional ou internacional, ata 25 puntos:*

Local	10 puntos
Provincial	12 puntos
Autonómico	15 puntos
Nacional	20 puntos
Internacional	25 puntos

- 2) *Orzamento total da actividade obxecto de subvención, ata 45 puntos:*

≤1.000	3 puntos
>1.000 ≤2.000	10 puntos
>2.000 ≤3.000	15 puntos
>3.000 ≤4.000	20 puntos
>4.000 ≤5.000	25 puntos
>5.000 ≤6.000	30 puntos
>6.000 ≤9.000	34 puntos
>9.000 ≤12.000	38 puntos
>12.000 ≤18.000	42 puntos
>18.000	45 puntos



3) *Porcentaxe solicitada de financiamento, ata 30 puntos:*

$\leq 25 \%$	30 puntos
$> 25 \% \leq 35 \%$	20 puntos
$> 35 \% \leq 50 \%$	15 puntos
$> 50 \% \leq 65 \%$	10 puntos
$> 65 \% \leq 75 \%$	5 puntos

A Deputación poderá requirir-lles ás entidades solicitantes cantos documentos e aclaracións considere necesarios para completar o expediente. Tamén poderá dispoñer que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polas entidades solicitantes.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas non supere o 100 % do custo da actividade que desenvolva a entidade beneficiaria.

Décimo cuarta. Instrución do procedemento e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo segunda e no que explicará o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle a Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración realizará un estudo do informe-proposta das solicitudes de subvención emitido polo xefe do Servizo. Esta comisión é un órgano colexiado composto por:

- *Presidente: o deputado delegado da área de Cultura.*
- *Vogais: dous membros do persoal técnico do Servizo de Cultura e un do persoal técnico do Servizo de Intervención.*
- *Secretaria ou secretario: un membro do funcionariado do Servizo de Cultura, que actuará sen voto.*

A Comisión de Valoración poderá:

- *Solicitar cantos informes estime necesarios para resolver.*
- *Emitir un informe ao respecto das solicitudes de subvención.*

O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva.

A proposta de concesión de subvencións someterase á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.

Unha vez transcorridos 6 meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo) e no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, unha vez notificada a resolución de concesión, despois dunha solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.



Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta da Comisión de Valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao seu importe e ao orzamento subvencionado.*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo do informe do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sexta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias da subvención, en calquera das liñas que se convocan, teñen que cumprir as seguintes obrigas:

- a) *Levar a cabo a actividade subvencionada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.*
- b) *Notificarlle á Deputación de Pontevedra as axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.*
- c) *Proporcionar en todo momento a información que lles sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación de Intervención da Deputación de Pontevedra, segundo a súa normativa.*
- d) *Nas accións promocionais e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberase incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa para os proxectos subvencionados, accesibles en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Así mesmo, será obrigatorio que os logotipos da Deputación de Pontevedra sexan visibles durante a realización da actividade obxecto da subvención.*
- e) *Levar a cabo a publicidade das actuacións nos distintos soportes publicitarios (carteis, cuñas radiofónicas, páxinas web, redes sociais...) e indicar que é unha actuación subvencionada pola Deputación de Pontevedra.*
- f) *Colocar os elementos publicitarios que lles poida facilitar a Deputación de Pontevedra.*
- g) *Outras obrigas previstas na normativa de subvencións.*

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán xustificalas. O prazo para presentar a xustificación da axuda remata o 31 de xaneiro de 2027.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificantes referidos aos gastos excluídos na base sexta.

Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación, obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base décimo segunda:

- a. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen a actividade realizada, o lugar e a data de realización e os resultados obtidos.*
- b. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; deberase indicar en cada un o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total. Non se admitirán as nóminas do persoal propio da entidade.*

As facturas presentadas para xustificar as subvencións con data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.



- c. *Conta xustificativa dos gastos, segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, se detallen as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran na mencionada conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que se conceden a axuda, e que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*
- d. *Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se aboe máis que o importe xustificado, co límite da subvención concedida.*
- e. *Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles preferiblemente ás e aos provedores antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou pagado fóra deste prazo non se considerará subvencionable.*
- f. *As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente, cando non sexa posible unha forma alternativa, poderá empregarse o pagamento en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable sempre que supere o importe de novecentos (900,00) euros.*
- g. *Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da dita finalidade.*
- h. *Para cobrar a axuda concedida, as entidades deberán, no momento do pago, estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación.*
- i. *Acreditar a debida difusión, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos, do financiamento desta actividade por parte do organismo provincial a través do logotipo da Deputación de Pontevedra.*

Décimo oitava. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.*
- *En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade perceptora.

Décimo novena. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo sétima sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésima. Devolución ou reintegro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse, logo da instrución do procedemento de reintegro ou devolución, nos seguintes casos:

- *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
- *Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*



Vixésimo primeira. Órgano de aprobación

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2026, e cumprindo o contemplado no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

Vixésimo segunda. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Recursos

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditase no prazo dun (1) mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Nese caso, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous (2) meses. Igualmente, contra esta resolución poderase interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entendese como desestimado.

Vixésimo quinta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016; nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio de 2026; na LXS; e na demais lexislación de desenvolvemento.”



7.36133.- APROBACIÓN DA ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE). (EXPTE. 2025059911)

ANTECEDENTES

- En data 26/09/2025 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 16.35643 polo que se aprobaba o “Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (Zona Norte)”.

- En data 4/12/2025 asinouse o citado convenio coa finalidade de establecer unha cooperación entre ambas Administracións destinada a conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación da iluminación exterior pública no centro urbano da cidade de Pontevedra, na súa zona norte, sendo a mellora da eficiencia enerxética a principal motivación.

- En data 14/01/2026, mediante rexistro núm. WEB2026002176, o Concello de Pontevedra solicita a celebración da Comisión de Seguimento do convenio, coa pretensión de tramitar unha addenda para reaxustar o financiamento previsto na cláusula segunda do mesmo, incrementando o importe da subvención concedida en 719.043,06€, con cargo á aplicación orzamentaria destinada a convenios do orzamento do ano 2026 da Deputación de Pontevedra, pasando a Deputación a financiar o 100% da actuación obxecto do convenio.

Na solicitude presentada polo Concello para a sinatura dunha addenda (CSV: LU3SNVH3DAW4OSEL) indícase que, no seu momento, para a sinatura do antedito convenio, o Concello presentou a correspondente solicitude e a documentación pertinente e formulou a petición de que, no caso de existir crédito axeitado e suficiente para esa finalidade nos orzamentos da Deputación de Pontevedra do ano 2026, fose posible reaxustar o financiamento previsto durante os anos de vixencia do convenio, previo acordo da comisión de seguimento e a tramitación dos procedementos administrativos correspondentes. Na citada solicitude tamén se indica que o procedemento para a contratación das obras previstas no convenio iniciouse no ano 2025 e foi obxecto de tramitación anticipada, estando na actualidade en fase de licitación, se ben baixo a condición da acreditación de crédito axeitado e suficiente para financiar o gasto correspondente no presente exercicio, polo que, para continuar coa tramitación, se solicita o reaxuste do financiamento previsto na cláusula segunda do pacto, financiando a Deputación o 100% da actuación para a que se solicitou a subvención.

- En relación co anterior, a cláusula décima prevé a constitución dunha Comisión de Seguimento que terá por obxecto o seguimento e coordinación da execución do presente convenio e a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación. A dita Comisión estará integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.



- En data 06/02/2026, tendo en conta os antecedentes e a evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnense os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: 46531YBO2CP2FGQM), propoñer a tramitación dunha addenda para incrementar o importe da subvención concedida, pasando de 1.601.948,13€ a 2.320.991,19€.

- O investimento obxecto do presente convenio ascende a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€).

- Así, polo exposto, a Deputación de Pontevedra financiará o investimento contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14, respecto da cal consta crédito dispoñible suficiente para realizar unha retención de crédito.

En concreto, as achegas da Deputación proveñen de diferentes anualidades e polas seguintes cantidades:

2025	2026	TOTAL
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€

- Dado que a cláusula segunda rubricada *Financiamento* establece que:

“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada pola Deputación de Pontevedra coa cantidade de UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 €) con cargo ao exercicio 2025 e contra a aplicación 2025/942.9420.762.14, e polo Concello de Pontevedra coa cantidade de SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06 €) con cargo ao exercicio 2026.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

	2025	2026
Deputación de Pontevedra (69,02%)	1.601.948,13 €	- €
Concello de Pontevedra (30,98%)	- €	719.043,06 €
Total proxecto	2.320.991,19€	



A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”.

Polo exposto, e en aras de levar a cabo a adecuación financeira en virtude do acordado na sesión da Comisión de Seguimento celebrada en data 06/02/2026, modifícase a devandita cláusula que queda redactada como segue:

“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada integramente pola Deputación de Pontevedra, UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13 €) contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.2025 e SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06€) con cargo ao exercicio 2026 e contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2025	2026	TOTAL
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€

A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento. ”.

- O interese xeral e a conveniencia da concertación da addenda reflíctense na solicitude de data 14/01/2026 (CSV: LU3SNVH3DAW4OSEL), na que se xustifica a necesidade de reaxustar o financiamento. A proposta de addenda non altera os principios de sustentabilidade financeira, en base ao artigo 7.3 da Lei Orgánica



2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que foron determinados na tramitación do presente convenio.

- Recibida a documentación necesaria para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación, en data 06/02/2026, informa a proposta da addenda (CSV: 12T6RQH8HMRURMRT) e, na data 11/02/2026, a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á mesma (CSV: 0XKQ79OD3HJCH2QR).

- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 20/02/2026 (CSV: 0DQVPTHWYF7LIH19).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona norte)

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25 da LRBRL e, en termos semellantes, o artigo 80 da LALGA, que establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. Segundo o artigo 26 da LRBRL, constitúen servizos de prestación obrigatoria para o municipio os de alumado público.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Cláusula Décima do convenio, que indica que as funcións da comisión de seguimento do convenio serán, entre outras, impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.



CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFO** **RM** **O** **F** **A** **V** **O** **R** **A** **B** **L** **E** **M** **E** **N** **T** **E** a sinatura dunha **ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE)**, co fin de reaxustar as achegas económicas inicialmente comprometidas, supoñendo un incremento da achega da Deputación de Pontevedra de 719.043,06€, incremento que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin e modificando, polo tanto, a cláusula segunda do convenio, mantendo invariable o texto do mesmo en todo o demais.

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16ª 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Addenda para reaxustar o financiamento do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (ZONA NORTE), cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA REAXUSTAR O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE)

Na data da sinatura electrónica

INTERVENEN

Dunha banda, don Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, don Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando don Carlos Cuadrado Romy, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, e don José Carlos Castiñeira Piñeiro en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data 4 de decembro de 2025 asinou se o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO (ZONA NORTE).

II.- Que a cláusula DÉCIMA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

III.- Que a Comisión de seguimento do convenio, reunida en sesión de data 06/02/2026, acorda tramitar unha addenda co obxecto de reformular as obrigas económicas vinculadas ao mesmo, de xeito que a Deputación financiará integramente as actuacións obxecto do presente convenio, que se corresponden co orzamento total de execución da obra.

IV.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación financeira do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a renovación da iluminación pública no centro urbano (zona norte), conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modificar a Cláusula Segunda. Financiamento de acordo co seguinte texto:

“As actuacións obxecto do presente convenio ascenden a cantidade total de DOUS MILLÓNS TRESCENTOS VINTE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E UN EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (2.320.991,19€), IVE engadido, que se corresponde co orzamento total de execución da obra obxecto da colaboración pactada, que será financiada integramente pola Deputación de Pontevedra, UN MILLÓN SEISCENTOS UN MIL NOVECIENTOS CORENTA E OITO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (1.601.948,13€) contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.2025 e SETECENTOS DEZANOVE MIL CORENTA E TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (719.043,06€) con cargo ao exercicio 2026 e contra a aplicación orzamentaria 2026/942.9420.762.14.

O investimento previsto comprende todos os gastos que se derivan da execución das obras a realizar, excluídos os da redacción dos proxectos, que foron realizados polo Concello de Pontevedra, e autorizados, no seu caso, pola Deputación de Pontevedra mediante a súa aprobación polo órgano provincial competente.

O financiamento necesario para a realización da actuación comprendida neste convenio realizarase da seguinte forma:

A Deputación de Pontevedra financiará contra as aplicacións orzamentarias 2026/942.9420.762.14.2025 e 2026/942.9420.762.14 as seguintes cantidades das correspondentes anualidades do orzamento provincial:

2025	2026	TOTAL
1.601.948,13 €	719.043,06€	2.320.991,19€



A achega provincial consiste nunha contía máxima que ascende ao importe sinalado anteriormente, polo que os posibles incrementos que puidesen producirse no orzamento de execución da actuación que deriven do procedemento de contratación administrativa ou da execución do contrato, así como das súas posibles modificacións, asumiranse exclusivamente polo Concello de Pontevedra.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación contemplada no proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe de axuda respecto ao custo total do investimento.”.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 4 de decembro de 2025 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.”

- Facultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

8.36134.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3). (EXPTE. 2026005226)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:



CONCELLO DE CRECENTE					
Data de presentación:		02/02/2026 (rexistro WEB2026006563)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 condutor/a de camión xeral, 1 condutor/a de maquinaria pesada e 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 9 meses, 1 auxiliar administrativo/a en xornada de 20 h./sem. durante 9 meses e 1 limpador/a a xornada completa durante 6 meses	97.028,55 €	97.028,55 €	0,00 €	97.028,55 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CRECENTE	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	97.689,48 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.



- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.



- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.



Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas por insercións publicitarias realizadas que deberán ser aprobadas pola persoa responsable do contrato, unha vez acreditada a conformidade dos servizos prestados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025068964	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

21.36147.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NAS EP-8301, EP-8302, EP-8303 E EP-8304. CAMPO LAMEIRO” (EXPTE 2025037343)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que as estradas E.P. 8301 O COUSO-ARMONDA, E.P. 8302 O COUSO-AGUEIROS, E.P. 8303 IGREXA DE FRAGAS e E.P. 8304 MOIMENTA-ARMONDA que percorren o termo municipal de Campo Lameiro pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas resulta necesario mellorar a seguridade viaria mediante as seguintes actuacións:

- Realizarase unha adecuación dos marxes da estrada mediante a reapertura de cunetas e perfilado de noiros.
- Seguidamente realizarase a mellora da drenaxe, mediante a instalación de colectores soterrados para condución das augas, arquetas, sumidoiros e pozos. Executaranse novas cunetas remontables en formigón.
- Na E.P. 8303 realizaranse dous Redutores Físicos de velocidade, ca súa correspondente sinalización.
- Nesta mesma estrada na súa parte final na contorna da igrexa de Fragas, farase unha reposición de firme debido o mal estado do existente.
- Disporanse novas barreiras de seguridade en certos tramos para mellora da seguridade dos vehículos.
- Xa como remate, farase unha mellora da sinalización tanto horizontal como vertical.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola, enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro” cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000126594 por importe de 604.775,93 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/08/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”, redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 3 de outubro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de outubro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Con data 17 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno, corrixe a cláusula de subcontratación do prego admsintrativo, reiniciando o prazo de presentación de ofertas, rematando o 11 de novembro ás 10:00 horas.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/11/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro."

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ORESAS ASFALTOS, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 3 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	12,00	2,00	14,00
HORDESCON, S.L.	14,00	1,00	15,00
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	20,00	1,00	21,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	2,00	18,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	16,00	1,00	17,00
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	12,00	1,00	13,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais de data 5 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	458.979,35 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	457.830,37 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	457.180,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	491.417,68 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	456.580,83 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	494.666,73 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	474.724,12 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	475.024,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	460.129,52 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	458.830,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	455.131,38 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 05/02/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	27,02	5,00	5,00	5,00	42,02
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	27,74	5,00	5,00	5,00	42,74
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	28,15	5,00	5,00	5,00	43,15
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	5,62	5,00	5,00	5,00	20,62
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	28,53	5,00	5,00	5,00	43,53
HORDESCON, S.L.	3,45	5,00	5,00	5,00	18,45
MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	16,80	5,00	5,00	5,00	31,80
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,60	5,00	5,00	5,00	31,60
NAROM, S.L.	26,29	5,00	5,00	5,00	41,29
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	27,11	5,00	5,00	5,00	42,11
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	29,45	5,00	5,00	5,00	44,45



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 05/02/2026 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,00	42,74	67,74
2	NAROM, S.L.	18,00	41,29	59,29
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	43,15	59,15
4	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ORESA ASFALTOS, S.A.	17,00	42,11	59,11
5	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	43,53	57,53
6	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	13,00	44,45	57,45
7	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	42,02	56,02
8	MONTAJES J.M IGLESIAS, S.L.	21,00	31,80	52,80
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	31,60	47,60
10	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	20,62	44,62
11	HORDESCON, S.L.	15,00	18,45	33,45

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro” á CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), por un importe de 553.974,75 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L., con (CIF B36147429) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa



personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES E.C CASAS, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 22.891,52 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 20/02/2026 con número de operación 12026000039054.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 da LCSP establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse en informe que consta no expediente con CSV: 8JN4135VGBH749U1, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro", por un importe estimado de 4.478,10 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) NT9NK2IO5MOORJNF no que se recolle que aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2023059286, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000197017.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36147429), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	457.830,37 €
IVE (21%)	96.144,38 €
Importe Total.....	553.974,75 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025037343.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Belén Pampín Camino.
3. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro" (Expte. 2025070848), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.	3.700,91 €
IVE (21%).....	777,19 €
Importe Total.....	4.478,10 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.



As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025070848.

22.36148.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES. (EXPTÉ.- 2025064680)

Resultando que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte. 2025064680). O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 21/12/2025 de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (Anuncio número 850897-2025) en data 22/12/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando que rematado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 22 de xaneiro de 2026, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa. Unha vez descargada a documentación administrativa, revisouse a mesma, acordando a Mesa de Contratación admitir a seguinte empresa:

-ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842)

Resultando que a continuación, a Mesa de Contratación procedeu á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor da empresa admitida neste procedemento e así mesmo, acordou trasladar a documentación técnica ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para avaliasen e ponderasen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos.



Resultando que a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 26/01/2025, emitiu informe de valoración técnica da oferta presentada por ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A-50878842) co csv KTXT2TFN33VC9O85, obtendo unha puntuación de 36 puntos.

Resultando que na reunión da Mesa de Contratación do día 29/01/2026, procede a prestar conformidade as puntuacións do sobre B e a continuación procede a apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que acadan unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (36 puntos). Os valores ofertados figuran no certificado da mesa co csv KUJL7I4UJ0PUNTBID.

Resultando que feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas da empresa admitida, obtén a seguinte puntuación no sobre C: 33,12, obtendo unha puntuación total sobre B máis sobre C de 69,12 puntos.

Resultando que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 5 de febreiro de 2025, procedeu á clasificar por orde decrecente a oferta recibida e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procederá á adxudicación do contrato á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A.

Resultando que mediante Resolución Presidencial número RP 2026001037 de data 06/02/2026, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación de data 5/02/2026 e require a ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A. cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación esixida.

Resultando que a empresa proposta presenta a documentación a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, Rexistro entrada REX_WEB2026008933 de data 11/02/2026 e REX_WEB2026011378 DE 23/02/2026, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva, por importe de 15.000,00€ carta de pago núm. de operación 12026000027372).

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de



execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato mediante procedemento aberto da Implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes, á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. (A50878842) conforme ao seguinte detalle:

Menor prezo ofertado para dous anos:

Importe sen o IVE:	300.000,00 €
IVE (21 %):	63.000,00 €
Importe total ofertado:	363.000,00 €

- Disponibilidade de Plataforma de formación continua: SI
- Integración na Rede Nacional de Centros de Operacións de Seguridade: SI

Prazo de duración: dous anos a contar desde a data de formalización do contrato.

Na primeira anualidade existe un período de implantación de 4 meses con posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Financiación: O importe do contrato financiarase de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (9 meses)	26/926.9260.206.00	136.125,00€
2027	27/926.9260.206.00	181.500,00€
2028 (3 meses)	28/926.9260.206.00	43.375,00€
	TOTAL	363.000,00€

Os importes correspondentes ás anualidades, 2027 e 2028, quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato.

Forma de pagamento: mensual, a mes vencido.

A Deputación propón un modelo de tarifa plana: abona un prezo único e pechado ao adxudicatario pola prestación do servizo a todos os concellos da provincia a partir do período de implantación, ou sexa que a tarifa plana entraría en vigor no quinto mes de contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025064680	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A Xefa de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

2.-A empresa adxudicataria deber formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

23.36149.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA "LA VOZ DE GALICIA, S.A"., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2025". (EXPTE.2024078723) (DEVOGARAN 2026003622)

Por acordo número 24.33773, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 14 de febreiro de 2025 (CSV.- T0YZR3CR6ADR4KJ6), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, o contrato de "*Servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2025*". (Núm. Expte. 2024078723)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *LA VOZ DE GALICIA, S.A.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A-15.000.649)	8.264,46€	202500017857	27/01/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Comunicación Institucional (CSV.- 6LE48FFUQV4ZDK90), no cal sinala que “(...) *Unha vez transcorrido o prazo da garantía definitiva depositada, informo que a empresa adxudicataria LA VOZ DE GALICIA, S.A., con CIF A-15.000.649 cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe total de 8.264,46 euros. (...).*”

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- D50AS6GL9RM7B8L4), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A-36.000.649)*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2025*” (Núm. Expte. 2024078723), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *LA VOZ DE GALICIA, S.A. (A-15.000.649)*, por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:
 - o A constituída, mediante aval emitido en metálico, por importe de oito mil douscentos sesenta e catro euros con corenta e seis céntimos (8.264,46 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 27/01/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033649 (*Número de Carta de Pago 202500017857*).



24.36150.- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND DO CONCELLO DE PONTEVEDRA DE "ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (BALONMAN PRAIA) APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 26/09/2025. (EXPTE. 2025032254)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055) e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 14/05/2025 Javier Vázquez Urrabieta, en representación do CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND (NIF: G94148392) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Balonmán Praia”, achegando un orzamento da actividade por importe de 12.552,88 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND (NIF: G94148392) e na contía de 897,04 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 13/02/2026 o CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND (NIF: G94148392) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestímulo da subvención concedida debido a imposibilidade de xustificar os gastos subvencionados solicitados.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 16/02/2026 a renuncia presentada polo CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND (NIF: G94148392).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *CLUB BALONMANO PLAYA PTV HANDSTRAND* (NIF: G94148392) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 897,04 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Balonmán Praia” (documento co CSV: EQIDQ835WWEXZORD).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.36151.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN SON DAS CORBACEIRAS PARA A SUBVENCIÓN “REPARACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE PONTEVEDRA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (EXPTE.2025066583)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a reparación de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.

Segundo.- En data 03 de outubro de 2025, Roberto Maceiras González, en representación da ASOC SON DAS CORBACEIRAS (NIF: G55377444) presenta solicitude para “Reparación de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 154,88 €.

Terceiro.- a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC SON DAS CORBACEIRAS, do concello de Pontevedra (NIF: G55377444) unha subvención de 116,16 € para “Reparación de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 06 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026008035, a ASOC SON DAS CORBACEIRAS de Pontevedra, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque o compoñente do grupo que precisaba a reparación de instrumentos xa non pertence ao mesmo.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 09 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC SON DAS CORBACEIRAS (NIF: G55377444) documento con CSV: 802T1YN3DJVWZ74N

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no



territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ASOCIACIÓN SON DAS CORBACEIRAS* (NIF: G55377444) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 116,16 € para a realización da actividade “Reparación de instrumentos musicais” (documento co CSV: NX79WW8JBTTN3ZD2).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

26.36152.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN GALICLOWN PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: FESTIVAL SOLIDARIO ANUAL” DO CONCELLO DE VIGO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025046058)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de 9 de maio de 2025.



Segundo.- En data 09 de xuño de 2025, Jessika Ibáñez Parraga, en representación da ASOCIACION GALICLOWN (NIF: G27876143) presenta solicitude para “Liña 1: Festival solidario anual”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 4.719,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACION GALICLOWN, do concello de Vigo (NIF: G27876143) unha subvención de 1.255,07 € para “Liña 1: Festival solidario anual” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 04 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026007349, a ASOCIACION GALICLOWN de Vigo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non poder levar a cabo a actividade en 2025 ao non dispoñer dun auditorio apropiado.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 06 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACION GALICLOWN (NIF: G27876143) documento con CSV: 6RQLLOKCG470V8C6

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ASOCIACION GALICLOWN* (NIF: G27876143) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.255,07 € para a realización da actividade do “Liña 1: Festival solidario anual” (documento co CSV: JBTN2NXI3577KVQD).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

27.36153.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: I SEMANA CULTURAL DE GUIMAREI” DO CONCELLO DA ESTRADA APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE.2025044439)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de 9 de maio de 2025

Segundo.- En data 06 de xuño de 2025, Eduardo José Davila Rodríguez, en representación da ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI (NIF: 2025044439) presenta solicitude para “Liña 1: I Semana cultural de Guimarei”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 2.250,60 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI, do concello de A Estrada (NIF: G36521219) unha subvención de 892,49 € para “Liña 1: I Semana cultural de Guimarei” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 09 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026008225, a ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI de A Estrada, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada por non dispor da documentación xustificativa requirida.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 19 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI (NIF: G36521219) documento con CSV: QGI2HEH8BU58WGOR



Fundamentos:**Primeiro.- Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrência competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia



Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ASOCIACIÓN DEPORTIVO CULTURAL GUIMAREI* (NIF: G36521219) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 892,49 € para a realización da actividade da “Liña 1: I Semana cultural de Guimarei” (documento co CSV: 6LOX3R3LLI46OHWE).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

28.36154.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA A SUBVENCIÓN “LIÑA 1: UN CAMIÑO BEN TEMPERADO 2025 (IV EDICIÓN)” DO CONCELLO DE VIGO APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 12/09/2025. (EXPTE. 2025038808)

Antecedentes:

Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 02 de maio de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2025” (Acordo núm. 3.35243) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 87 de 9 de maio de 2025.



Segundo.- En data 29 de maio de 2025, Gustavo Adolfo Barcia González, en representación da ORQUESTA CLASICA DE VIGO (NIF: G36688422) presenta solicitude para “Liña 1: Un camiño ben temperado 2025 (IV edición)”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 10.400,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 12 de setembro de 2025, (Acordo núm. 11.35607) acordou concederlle á ORQUESTA CLASICA DE VIGO, do concello de Vigo (NIF:G36688422) unha subvención de 2.500,00 € para “Liña 1: Un camiño ben temperado 2025 (IV edición)” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 06 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026007955, a ORQUESTA CLASICA DE VIGO de Vigo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola falta de apoios e recursos previstos así como as dificultades de programación no espazo indicado, facendo imposible a realización do evento.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 17 de febreiro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ORQUESTA CLASICA DE VIGO (NIF: G36688422) documento con CSV: BB5FOIND7KJ7V8TA

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *ORQUESTA CLASICA DE VIGO* (NIF: G36688422) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 2.500,00 € para a realización da actividade da “Liña 1: Un camiño ben temperado 2025 (IV edición)” (documento co CSV: 10V8BDID5XTTXOIF).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

29.36155.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES. 2026007347, 2026007398, 2026008251 E 2026008606)

a) Vista a relación de operacións con número 2026007347 (CSV: 0AFS04RMC8FBO7LJ), que contén 9 operacións por un importe de 4.598,11 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	4.598,11 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	4.598,11 €

b) Vista a relación de operacións con número 2026007398 (CSV: 14ADAMNA87GIQOOI) que contén 9 operacións por un importe de 24.156,15 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	24.251,15 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	24.156,15 €



c) Vista a relación de operacións con número 2026008251 (13UO2L6JT8P7UR9O), que contén 11 operacións por un importe de 1.640,90 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.903,40 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	262,50 €
Total líquido	1.640,90 €

d) Vista a relación de operacións con número 2026008606 (CSV: 0TIZAFD5JGK3E4PE) que contén 1 operacións por un importe de 23,82 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	23,82 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	23,82 €

30.36156.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á COMUNIDADE DE USUARIOS O PAZO - CANGRALLO PARA O INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DA CONCESIÓN ANTE AUGAS DE GALICIA E ANALÍTICA DA CALIDADE DA AUGA” INCLUÍDO NO PROGRAMA +NOVAQUA 2025. (EXPTE.2025015200)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (Programa +NOVAQUA 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 6.35602 de data 12/09/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan +NOVAQUA 2025, por importe de 3.561,86 euros á Comunidade de usuarios O Pazo - Cangrallo co



obxecto do financiamento do investimento “renovación da concesión ante augas de Galicia e analítica da calidade da auga” en base a un orzamento polo mesmo importe. Expediente: 2025015200.

Terceiro.- Nas datas, 07/01/2026, 14/01/2026, 30/01/2026 e 12/02/2026 dentro do prazo establecido na convocatoria, teñen entrada no Rexistro Xeral da Deputación (WEB2026000792, WEB2026002062, WEB2026005878 e WEB2026009311 respectivamente), oficios da Comunidade de usuarios O Pazo - Cangrallo nos que xuntan a documentación relativa ao investimento denominado “renovación da concesión ante augas de Galicia e analítica da calidade da auga” e demais documentación xustificativa e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 17/02/2026 o facultativo técnico de Cooperación presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: 4WXX2HQM3SV6JC2B.

Cuarto.- En data 19/02/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existen informes desfavorables da Intervención provincial de datas 3 de novembro de 2025 (CSV: QNWXWWGJACV2B8NG) e 14 de outubro do 2025 (CSV: OF1FXQSZQV5LJKHV), respecto á modificación de crédito que motivou a concesión das solicitudes en lista de agarda ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025 entre as que se atopaba a solicitude presentada pola Comunidade de usuarios O Pazo - Cangrallo.

Quinto.- Dado que a Comunidade de usuarios O Pazo - Cangrallo con CIF G55466940, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 3.102,06 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.25 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación e da intervención provincial de datas 17/02/2026 e 19/02/2026, respectivamente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 3.102,06 euros a favor da *Comunidade de usuarios O Pazo – Cangrallo*, con CIF G55466940, ao abeiro do programa +NOVAQUA 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á *Comunidade de usuarios de O Pazo – Cangrallo*, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



31.36157.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “ENSANCHE E MELLORA
DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0503 MANÉ-REBÓN, DO P.Q. 2+300 AO
P.Q. 3+624. CONCELLO DE MORAÑA”. (EXPTE. 2026003516)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria. Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0503 Mané-Rebón, que transcorre polos concello de Barro e Moraña e ten unha lonxitude de 3.624 metros. Esta categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”, coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

Resultando.- Que con data 27/12/2024 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moraña, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación.

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a licitación, dirección, execución e recepción das obras.



Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro D. José Plácido Gosende, , adscrito á empresa Ingeniería del noroeste, S.L., o proxecto de construción “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña “ cun orzamento base de licitación de 1.356.969,20 euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: 1PDV9U778G6CF81Y.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27/06/2025 acordou aprobar o proxecto construtivo de “Ensanche e mellora da seguridade viaria na EP 0503 Mané-Rebón, do PQ 2+300 ao PQ 3+624 (Concello de Moraña)".

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 6O7DQHBWKAZHHYDV, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña”

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3FXF3MU8KA6NA89R informe do Secretario Xeral da Deputación onde se recolle o seguinte: *“Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable (...)*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 2ZUDMQB53QUGJRSH, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio..
CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente.”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mané-Rebón, do P.Q. 2+300 ao P.Q. 3+624. Concello de Moraña*” cun orzamento base de licitación de 1.356.969,20 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.121.462,15 euros
IVE (21%).....	235.507,05 euros
Importe Total.....	1.356.969,20 euros



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): MKBAQE9N8OM57LR3, e de prescricións técnicas con código (CSV) 1PDV9U778G6CF81Y, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.356.969,20 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2026/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

32.36158.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "REPOSICIÓN DO FIRME NA E.P. 6503 SILLEDA-SIADOR-REFOXOS, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 7+602. CONCELLO DE SILLEDA". (EXPTE.2025071505)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos que percorre o termo municipal de Silleda pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 7.602 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do firme, no treito comprendido entre os p.q. 0+000 ao p.q. 7+602, sendo este, dun total de 7.602 metros de lonxitude, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 779.298,35 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3EXWNZPTRZLIDTWB.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602. Concello de Silleda”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000011550 por importe de 779.298,35 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UNXKXIWX83YC1ZWZ informe favorable de fiscalización do proxecto.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 0GYIYWYPZT6S9IUS, informe favorable de supervisión do proxecto, emitido por Evaristo Juncal Froján, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Reposición do firme na E.P. 6503 Silleda-Siador-Refoxos, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 7+602 (Concello de Silleda)*”, redactado polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, , cun orzamento base de licitación de o proxecto de 779.298,35 € IVE Incluído. A este proxecto asínóuselle o código CSV: 3EXWNZPTRZLIDTWB.

33.36159.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

34.36160.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

35.36161.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

